

Prácticum Depo-Erasmus + Pr. NextStación(Xunta de Galicia)

Desde o curso 2022-2023, o noso centro está participando nos proxectos "Practicum Depo-Erasmus+" e "Next Stación"

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2021/02/23/2021007645>

Practicum Depo é un proxecto que se lle concedeu á Deputación de Pontevedra no programa Erasmus+, dentro da acción clave 1 "Movibilidade das persoas por motivos de aprendizaxe" e, en concreto, para "Proxectos de movibilidade para beneficiarios/as de ensinanza de FP" e NextStación amplía o seu rango de actuación para cubrir tamén as FCT dos alumnos do ciclo en diversos países europeos.

Esencialmente permiten que tanto alumnado do ciclo como profesorado, teñan a oportunidade de completar a súa formación en países da Unión Europea.


O obxectivo dos proxectos é proporcionar ferramentas e favorecer estratexias que faciliten ao alumnado a inserción laboral noutros países da UE, aumentar as oportunidades de formación no estranxeiro do alumnado de Formación Profesional, e proporcionarlle as habilidades necesarias para a súa transición do ámbito da educación e a formación ao mercado laboral.

Durante este ano tanto a diputación de Pontevedra como anteriormente a Xunta de Galicia acadaron o marchamo de calidade para os seus proxectos futuros.

<https://www.depo.gal/web/edepol/-/noticia-a-deputacion-acada-a-acreditacion-de-calidade-erasmus-na-fp>

Se queres máis información acerca de Erasmus+ pulsa [aquí](#)

A nosa última viaxeira foi Carla Refojos que elixiu Diverlanhoso en Portugal para completar a súa formación:



CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Establécense os seguintes criterios do baremo para Depo-Erasmus+. A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Adecuación da titulación e do perfil da persoa bolsreira (30%).
2. Expediente académico (30%).
3. Coñecementos de idiomas (20%).
4. Méritos (10%).
5. Entrevista persoal (10%).



O proceso selectivo será supervisado polo xefe de servizo de promoción de emprego en desenvolvemento local da Deputación de Pontevedra (ou persoa en quen delegue).

No caso de empate, os criterios de desempate serán, e por esta orde:

- A maior puntuación no expediente.
- A maior puntuación na formación en idiomas.

En caso de continuar empatados, o desempate determinarase ó chou.

1.—ADECUACIÓN DA TITULACIÓN E DO PERFIL DO BOLSEIRO (30%)

- Valorarase, ata un máximo de 2 pts. a motivación, autonomía, madurez, compromiso co programa, habilidades comunicativas (a partir do informe do/a titor/a, equipo didáctico ou orientador/a do centro).

- Valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado ata un máximo de 1 pto.:

- Asistencia a máis do 90% das clases lectivas: 0,5 pts.
- Asistencia de menos do 90% das clases lectivas: 0 pts.
- Ausencia de faltas de conduta: 0,5 pts.
- Existencia de algunha falta de conduta: 0 pts.

2.—EXPEDIENTE ACADÉMICO (30%)

Valorarase ata un máximo de 3 pts. calculando a media aritmética das calificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio (dos cursos finalizados):

PUNTUACIÓN NUMÉRICA	PUNTUACIÓN NON NUMÉRICA	BAREMO
Do 6 ó 6,99	Aprobado	1
Do 7 ó 8,99	Notable	1,5
Do 9 ó 10	Sobresáinte	2,5
Matrícula de honra		3

Non se terá en conta as calificacións –convalidado

3.—COÑECEMENTOS DE IDIOMAS (20%).*

3.1 titulacións no idioma inglés:

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado ata un máximo de 2 ptos.

- A1: 0 ptos.
- A2: 0,5 ptos.
- B1: 1 ptos.
- B2: 1,5 ptos.
- C1 ou C2: 2 ptos.

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito+oral) ata un máximo de 1 pto.

3.2 Baremo dun segundo idioma:

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, do mesmo xeito que para o inglés, ata un máximo de 1 pto.:

- A2: 0,5 ptos.
- B1, B2,C1,C2: 1 ptos.

* a puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 2 ptos.

4.—MÉRITOS (10%)

• Valorarase con 0,5 ptos. cada título de formación profesional de grao medio diferente o que lle de acceso a mobilidade ata un máximo de 1 pto.

5.—ENTREVISTA PERSOAL (10%)

Habilidades persoais e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos os acostumados. Valorarase a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou participación de programas de voluntariado,...



No Programa NextStación da Xunta de Galicia o Baremos será,

A. Criterios de selección para o alumnado:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos).

Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo. (no caso de alumnado para realizar a FCT) ou na totalidade de módulos do ciclo formativo (no caso de prácticas de alumnado titulado).

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente á do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.
- b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- d) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades. Deberase obter neste apartado un mínimo de 2 puntos para poder ser seleccionado.

4. Criterios de desempate.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.

B. Criterios de selección do profesorado:

1. Antigüidade no centro/organismo (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2018-2019: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2022-2023 e 2018-2019: 1 puntos.
- Con data de destino provisional: 0 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- b) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro/organismo sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado.

4. No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1. Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- 4.2. Por sorteo.